



CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

Páramo, s/n
27363.- O Páramo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 539156
www.concellodeparamo.es

DECRETO DA ALCALDÍA Nº /2018.- O PÁRAMO, A 9 DE MAIO DE 2018

Vista a necesidade de contratación de 1 arquitecto e de 4 peóns obras para cubrir o aumento de tarefas que se encadran en servizos públicos, sendo este un concello pequeno e con poucas fontes de ingresos, xunto coa necesidade e importancia de dar resposta tanto ao volume de traballo no servizo de obras, unido ao aumento das demandas de asesoramento en materia de urbanismo, realización de memorias e proxectos, e outras demandas nesta materia; tanto por parte dos veciños, como de empresas ou outras administracións públicas.

Visto os Decretos de 9 de abril de 2018, de aprobación das bases para a contratación polo réxime de concurso de 1 arquitecto e polo réxime de concurso-oposición de 4 peóns de obras, persoal laboral temporal, en aplicación da axuda outorgada a través do Programa Depuemprego 2017.

Vistas as actas de selección e a proposta do tribunal á Presidencia do Concello de O Páramo, de data 7 de maio de 2018.

Visto o expediente tramitado e a documentación que o acompaña, consonte co disposto no artigo 41.14.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por R:D: 2568/1986, do 28 de novembro e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Declarar os servizos de arquitectura e os servizos de obras prioritarios, que permitan a excepcionalidade na contratación temporal do persoal necesario para a súa prestación.

SEGUNDO. Aprobar a relación de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas referenciadas, aos efectos da provisión dos postos de traballo obxecto dos procesos de selección, para a formalización dos contratos laborais nas datas en que as necesidades de acumulación de tarefas así o esixan.

- Arquitecto: Dna. Isabel Devesa Piñeiro.
- Peóns de obras: D. José Antonio López Pérez, D. Francisco José Outeiral Outeiral, D. Daniel Fernández Morillas e D. Marco Antonio López García.

TERCEIRO. Formalizar os contrato de traballo dada a necesidade de acumulación de tarefas, regulados no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores, dos seguintes aspirantes aprobados:

- Arquitecto: Dna. Isabel Devesa Piñeiro.

- Peóns de obras: D. José Antonio López Pérez, D. Francisco José Outeiral Outeiral e D. Daniel Fernández Morillas.

CUARTO. Notificar a presente resolución ós interesados e citalos para a sinatura dos contratos.

QUINTO.- Aprobar as seguintes listas de reserva por orde de puntuación, para asegurar a cobertura dos postos cando se produzan renuncias dos aspirantes primeiramente seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato. A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o periodo de duración do programa “Depuemprego 2017”.

LISTA DE RESERVA ARQUITECTO

- Lucia Fernández Constela

LISTA DE RESERVA PEÓNS OBRAS

- Juan Carlos Santos Otero
- Ángel Fernández Mon
- José Luis Rodríguez Casanova
- Luis Miguel Fernández Paz
- Mario Fernández Rodríguez

SEXTO.- Publicar a presente resolución no Tablón de Anuncios municipal e na páxina web municipal.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Gumersindo A. Rodríguez Liz, en O Páramo, a 9 de maio do 2018; do que, como Secretario, dou fe.

O Alcalde

Dou fe

O Secretario

Asdo.: D. Gumersindo A. Rodríguez Liz

Asdo.: Emmanuel López Ares

Documento asinado electrónicamente ao marxe